TRIATLÓN MINISPRINT. CONCELLO DE BOIRO-VERÁNS DEPORTIVOS 2016

Data: 17 de setembro de 2016

Hora: 17:00 h.

Inscricións definitivas: Ata as 12:00 h do venres 16 de setembro.

Recollida de dorsais: Dende as 16:00 h do sábado 17 de setembro.

Lugar: Praia de Carragueiros (Cabo de Cruz-Boiro)

Tipo proba: Triatlón Minisprint para aficionados.

Inscricións: Gratuítas.

Categorías:

Establécese unha única categoría absoluta masculina e outra feminina.

Responsabilidade:

Os participantes serán responsables da súa propia seguridade e da do resto dos competidores; de coñecer e respetar o regulamento desta proba, de coñecer o percorrido, de obedecer as indicacións dos xuices, de informar si se retira da proba, de respetar o medioambiente da zona na que se celebra a proba deportiva, non abandonando nin deixando obxectos nin actuando de forma agresiva co entorno.

Apoios ou axuda externa:

-Os participantes non poden recibir ningún tipo de axuda externa, nin entre eles nin de xente allea á competición.

-Non poderán ser acompañados por ningunha embarcación nin por ningún vehículo a pé.

Cronometraxe:

Non se establecerá cronometraxe nesta proba, unicamente os tempos dos gañadores.

Puntos de control:

Estableceranse puntos de control durante a proba para garantir que os participantes efectúan correctamente o percorrido e cumpren coas distancias establecidas para esta proba deportiva.

Dorsais:

-Os participantes levarán 4 dorsais: un pintado no hombreiro dereito cun rotulador permanente de cor negro e outro semellante na parte frontal do muslo dereito; outro irá no cadro da bicicleta e, o cuarto, na parte dianteira da camiseta coa que se faga o último tramo da carreira a pé.

-Estes dorsais deben ser perfectamente visibles polos xuices.

-Os participantes non poderán competir co torso desnudo, salvo na parte de natación. Tanto en bicicleta como na carreira a pé, o participante deberá levar unha camiseta, licra ou similar.

-Non hai inconvinte porque o participante reflexe publicidade na súa vestimenta, sempre e cando non dificulte ou perxudique as labores de identificación dos xuices.

Sancións:

-O incumprimento, por parte dun participante, do regulamento de competición ou das indicacións dos xuices poderá acarrexar as conseguintes advertencias ou mesmo a descalificación da proba.

-As advertencias versarán sobre aspectos como non levar visible o dorsal, non levar o casco ben abrochado, recibir axuda exterior, etc… A segunda advertencia será motivo de descalificación.

-A descalificación virá determinada por unha falta grave do participante, como non cumprir as distancias, correr sen casco, non levar dorsais, non respetar aos xuices ou compañeiros, etc… A organización será a responsable única deste tema.

Tramo de natación:

Saída dende a area (punto 1 do mapa) ao comezo da praia de Carragueiros. Traxectoria en cadrado en sentido contrario das agullas do reloxo e dando a volta a tres boias ata completar a distancia de 350 m. (aproximadamente).

Tramo de bicicleta:

Despois da saída da auga (enfrente á caseta dos socorristas) dirixirse aos boxes (punto 2 do mapa) para recoller a bicicleta. Equiparse coa vestimenta (se fora necesario), realizar o tramo a pé coa bicicleta e dirixirse cara á cetárea (punto 6 do mapa) da retorta pola pista de herba/area paralela ao paseo marítimo de madeira (punto 3 do mapa). Ao chegar ao inicio da cetárea, desprazarse pola parte esquerda désta, ata saír á estrada xeral do Chazo (punto 4 do mapa) a través dunha pequena pista en lixeira pendente. Unha vez nesta estrada, dirixirse á zona de comezo da proba/boxes (punto 2 do mapa). En total son 5 voltas ao circuito que se acaba de describir, cubrindo así os 11 kilómetros (aprox.) desta parte do triatlón.

Os xuices non marcarán o número de voltas realizadas aos participantes, só se limitarán a comprobar que realizan as 5 voltas ao circuito. Se algún participante realiza menos de 5 voltas, quedará descalificado.

Tramo de carreira a pé:

Ao deixar a bici, iníciase o tramo a pé tamén pola pista de herba/area cara á cetárea (punto 6 do mapa). Ao chegar a este punto, bordearemos a cetárea de esquerda a dereita (en sentido das agullas do reloxo). O último tramo de proba será por riba do paseo marítimo de madeira ata a meta (punto 2 do mapa), cubrindo deste xeito os 2,5 kilómetros (aprox.) previstos.

Trofeos:

Recibirán trofeo os tres primeiros clasificados da categoría masculina e os tres primeiros da categoría feminina.

Carácter da proba:

A proba está pensada para iniciados no triatlón, aínda que poderán participar tamén atletas federados ou experimentados neste tipo de probas. Éstes deberán ser conscientes do carácter básico e sinxelo da proba, onde o obxectivo principal é promocionar esta modalidade deportiva no concello.

A pesar deste carácter amigable da proba, a organización será estricta na aplicación do regulamento.